

NOME DA ACTIVIDADE

- **Inundación**

TIPO DE ACTIVIDADE

- **ACTIVIDADE DE EXPRESIÓN ORAL E COMUNICACIÓN**

NIVEL

- **B1**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- **INDIVIDUAL E EN GRUPO**

DURACIÓN

- **ENTRE 20 E 40 MINUTOS**

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- A comunicación oral e outras que a apoiem para mellorar a nosa comunicación.
- A comunicación individual e en grupo, ademais de en público.
- A argumentación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado adquira e/ou consolide a competencia oral en lingua galega en diferentes ámbitos e situacións.
- Que o alumnado desenvolva e/ou reforce as capacidades que permitan unha mellor comunicación e unha mellor expresión oral interactuando, practicando, realizando dramatizacións, poñéndose en situacións reais, desenvolvendo roles, etc.
- Que o alumnado analice de que xeito deciden as propias prioridades e valores persoais no desenvolvemento dunha actividade.

ORIENTACIÓNS E CUESTIÓNS QUE CÓMPRE TER EN CONTA

- Hai que tomar unha decisión sobre as cousas que son importantes nunha situación de crise, vai haber unha inundación e temos que salvar todo o que se poida da oficina ou lugar de traballo, pero apenas dispoñemos duns minutos.
- Unha vez elixidas as cousas individualmente haberá que facer grupos de 4-6 persoas e dáselle outro tempo para decidir. Cada grupo elixirá un portavoz e intentarase chegar a un consenso con todos os grupos.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O docente debe transmitirle a situación ao alumnado: chegan das vacacións e descubren que estivo chovendo intensamente na zona onde viven; o lugar de traballo

está comezando a inundarse e a policía está evacuando a zona e non permite entrar a ninguén. Insisten en poder facelo para recoller algúns documentos e obxectos moi importantes.

Só poderán rescatar catro cousas antes de saír (non deben dispoñer de moito tempo para isto).

Despois de que escollan individualmente estas catro cousas haberá que facer unha posta en común entre todo o grupo, que debe decidir cales son máis importantes. Entre todos poderán escoller 8 obxectos.

MATERIAIS PARA A FICHA

1. Un álbum de fotografías da familia.
2. Un teléfono móbil da empresa.
3. O diario persoal que estiveches facendo durante anos.
4. Documentos oficiais da empresa dos últimos meses.
5. Unha guitarra moi cara que conservas desde hai moito tempo.
6. Arquivo con documentos dos traballos realizados e cobrados.
7. Arquivador cos traballos realizados a clientes dos últimos meses que aínda non cobraches.
8. A túa axenda de teléfonos e enderezos.
9. Un portátil da empresa.
10. Unha alfombra preciosa que tiñas na túa oficina.
11. Arquivo coas contas e certificados da empresa ou do grupo co que traballas, con documentos da renda que mantés desde que comezaches a traballar na oficina.
12. Unhas botellas de viño que gardas desde hai moito tempo no moble bar.
13. Libros e textos relacionados coa túa formación e o teu traballo para optimizar o teu rendemento.
14. Arquivos con todos os currículos da xente que colabora coa empresa ou está interesada en facelo.
15. Documentos oficiais da empresa con relación a altas e baixas de empregados e empregadas, socios e outras empresas colaboradoras, tipo de material, transporte...
16. Unhas plantas.